

Testamento
do
Burro do Rodas

Laza, 8 de Fevereiro do 2.005

**As tradicións son sagradas
No se poden olvidar
E en cada martes de Entroido
Véñovos a visitar.**

**Non se fala de outra cousa
En toda Cimadevila
Morreu o burro do Rodas
Da enfermidade da pífla.**

**Estaredes preguntando
En que consiste ese mal,
Que lle pregunten ás burras
Cando entraba no curral.**

**Traías a todas finas
Vían o demo nil
Escapaban esporeando,
Dicían, ei ven o mísil.**

**Para traballar co arado
Era como un papanatas,
Pro cando sacaba o aparato
Alancaba a cinco patas.**

**Dicíalle a Benitiña ó Canteiro,
Ei vén o burro do Roquete
Mete a burra pra córtella
Non vaia ser que lla espete!**

**Arrancaba o cabeceiro
Ala ía o animal
Azufrarlle a todas as burras
Chingando de curral en curral.**

**Así morreu desgastado
Xa ben o dicía o Iña.
Eso a min non che me pasa
Porque a teño pequeniña!**

**Aquí non acaba a cousa
Mirade que vou contar
Que trouxo moitos atrancos
A hora de o ir a enterrar.**

**Uns que si o leva “trautor”,
Outros que si ó lombeiro
Pero entón saltou o Rodas,
Vai no taxi do barbeiro!!**

**Dos oficios do sepelio
O encargado era o Alier,
Pero púxose “indispuesto”
E tivo que ir a muller.**

**Entre catro se ocuparon
De levalo pro regueiro,
O Limia o Toño Moreno,
O Carroucas e o Ferreiro.**

**Cos faroles o Morañas
E o Pedrito do andaluz,
Co estandarte ía o Herminio
E o Luisito ía ca cruz.**

**Por facerlles un favor
Co hisopo o Amador,
E como son moi amigos
De sancristán o “Pistijos”**

**A Pili mais o Jesús
Viñeron de Salamanca
El vestido de torero
Ela cunha bata branca.**

**Quen non faltaron tampouco
Foron o Miro e a Luísa
Ela de maragatiña
E el cun traxe sen camisa.**

**Quen non veu foi o Domingos
Non sei eu por que razón
Pro mandar mandou á filla
Na súa representación.**

**Mais o Lolo cando a viu
Non lle quixo abrir a porta
Pensou que era de Jehová
E fíxolle dar a volta.**

**Dese xeito o pobre burro
Deixou este mundo cruel
Nos ímolo repartir
E que díos vaia con el.**

-----0-----

**Xa sei que vindes aquí
Por ver si algo levades
Pro denantes escoitade
Aquelo que non confesades.**

**Empezo por os solteiros
Non sei que raio lles pasa
Tráenlle mulleres aquí
Pro casar ningún se casa.**

**Quinientas femias viñeron
De toda Galicia enteira
E o carallo dos solteiros
Escondíanse nas palleiras.**

**Cando vin tanto autobús
Dixen eu, si señor
Igual que en Navalmorcuende
“La caravana del amor”.**

**Así entón desa maneira
Non hai nada que facer
Cando veñen as mulleres
Eles botan a correr.**

**Dixo o Paquiño do Kilo
leu escapei o velas
andaban de vinte en vinte
calquera se mete con elas!**

**Ei arriba no pavillón
Fixeron un gran xantar
Foron as autoridades,
E o presidente Baltar.**

**Homes entre tantas mulleres...
Malol Dixo o Gigí,
Ou veñen a buscar votos
Ou algún é travestí.**

-----0-----

**Agora a xente miúda
Dálle por o gran hermano
Ganar non ganarán nada
Pero o menos meten mano.**

**O de operación triunfo
Tamén é outra solución
Cantar non cantan moi ben
Pro saen na televisión.**

**Xa di o Quin do Carradas
Vou presentar á rapaza,
E o certame de eurovisión
Desta volta faise en Laza.**

**As do coro da igrexa
Levan cantando fai anos
Pro solo cantas as misas
Resposos e gregorianos.**

**Seica é unha marabilla,
Logo había que probar
O mellor fanse famosas
Se as levamos ó luar.**

**De ir a cousa cara diante
Pois entón quen as verá
O Galloso, a Carme do Moxo
E a Julita do Raca.**

**Se tedes ocasión
Escoitalas paga a pena,
Agora andan esallando
O baila morena, baila morena.**

-----0-----

**O que non vale pro cante
Entón escolle outra vía
Ou vai pra Guarda civil
Ou senón pra policía.**

**Hai tantos polis en Laza
E tantos Gardas civiles,
Que si dan en vir pro pobo
Teranse que prender entre iles.**

**O Ñuco o Paco Fenosa,
O Chavello e o Miriño,
O Cholo o Moises do costa
E tamén o Cachuchiño.**

**O Maxi o Milo Cárrecho,
O Jose Manuel do Carraxete,
O Serafín do Eliseu,
Solo falta o cuarenta e sete.**

**Xa pensei que me librara,
Pois a cagar entre o millo,
Pra acabar de rematala
Agora tamén vai meu fillo.**

-----0-----

**Como cambiaron os tempos
De mexar na bacinilla
Puxeron de moda as mulleres
O antes morta que sencilla.**

**Descocaron de tal forma
E non me parece mal
Que algunha xa ten un tipo
Como a Yola Berrocal.**

**Pra poñer un corpo sexy
Collérono con moita ansia,
No baixo do axuntamento
Van todas facer ximnasia.**

**Arremeten co aerobic,
Si queredes ter fe desto,
Pra contarvos o que pasa,
Veña, musica maestro.**

**O pintalabios, e a pintura
Véndelle o Chancas titan lux
que é a que mais dura.**

**Perruquería
non lle é preciso,
quedalle ben espendellado ou pelo liso.**

**botan os pedidos
de catro en catro
non é channel
pro cheira moito i é barato.**

**un wonder-bra
talla xigante
pois eses ubres
non hai cristo que os aguante.**

**levan vestidos
con un remache
non son de Armani
de Verino nin Versacce.**

**Visten con marcas
de aquí do pueblo
van deseñadas
por o keiper e a consuelo.**

**veña perfume
e veña laca
do carrefour que a mellor
i é mais barata.**

**A quen lle importa que baduen por ei..
nos mexar na bacinilla?
na bacinilla, na bacinilla..
antes morta que sencilla
ai que sencilla, ai que sencillla..**

**E que mais da, o que falen de nos
sí imos a nosa bola
sen meternos nin con díos.**

**E que mais dá, se a xente da en falar
A ver quen é a chula
Que baixa o cu sen sudar.**

**Por eso imos bailar,
Darlle o pandeiro sen parar,
Aquí non vai ser solo traballar
As veces as mulleres..
necesitan, necesitan, necesitan,
necesitan, recachar....**

**E di a Bel
do Carraxete
pesaba ochenta
e agora peso ochenta e sete.**

**Aquí algo falla
Por que non baixo?
Dentro de pouco
Vou rebentar o refaixo.**

**Salta a Norita
Esto é xenial
En mes e medio
Estou como a Norma Duval.**

**A miss España
Dice a do Coella
O noso "lao"
Parecerá unha chanca vella.**

**O Caparrós
Dille á Manola
Vala por díos
Cando ven unha non ven sola.**

**Vou apañado
Con este asunto
E todo isto por querer baixar o unto.**

**Que nos importa que badúen por el
Nos mexar na bacinilla?
Na bacinilla, na bacinilla...
Antes morta que sencilla
Aí que sencilla, aí que sencilla...**

-----0-----

**Non falemos das mulleres
Que os somes somos iguais
Agora andamos con esa moda
De los metro sexuais.**

**Aquí tamén temos deso
E de todos o primeiro
Non foi Beckham nin Raúl
Foi o Pepe do Ferreiro.**

**Pois algún deu en pensar
Que pra ser metro sexual
Tiña que medirlle un metro,
Hai que ser ben animai!**

**Se nos fixamos no asunto
Que non se queixe a muller
Temos todas as medidas
Pra que podan escoiler.**

**Esto é como no boxeo,
Peso pluma e peso gallo,
Algún chegar ó centímetro
Xa lle costa de carallo.**

**Cada un que faga o que poda
Pois aquí de todos modos
O Toni do Catalán
E o que nos barrena a todos.**

**Eu non sei como se apaña,
Mirade que alto non é,
Pro seica din as mulleres
í é que ten un non sei que!**

**Será que o ensina o Celso
Ou é a auga do Solado
Pro dígovos que o lado del
O Beckam é un afeccionado.**

-----0-----

**Por fin chegou o momento
Do que mais vos gusta a vós
Sabedes do que se trata?
Pois son as reparticións.**

-----0-----

**O primeiro que me atopo
Que me fai moita ilusión
Don Manuel Fraga Iribarne
Que seica non usa condón.**

**Non vos riades carallo!
Como coño o vai usar
Si lle fai falta unha grúa
Pra podela levantar.**

**A min tanto renegar
Dáme moito que pensar,
Non será Don Manolete
Que nunca botou un casquete?**

**Por se un día lle fai falta
Doulle entón a cagarrincha
Pra que a poña de condón
E que a ate ben coa cincha.**

----o----

**Por forza ó Paco Barbeiro
Doulle a lingua do xumento
Foi nomeado traductor
Oficial do axuntamento.**

**De tanto andar por o mundo
Aprende o Portugués,
Sabe Chino, sabe Ruso,
E ata sabe Tirolés.**

**Tanto peregrino que ven,
Tanto estranxeiro de cristo,
Que non haxa quen entenda
Parece que está mal visto.**

**Cumpre tan ben o traballo,
Colleuno con tal afán
Que lle preguntan en Ruso
E el contesta en Alemán.**

**Un día, mirade que conto
Que ei no medio da picota
Púxose a falar cuns homes
E non lle entendían nin jota.**

**El a voltas co Alemán
Os homes a dúas velas,
Como ían entender
Se eran de Tamicelas.**

----o----

**Teño por ei a pirolíña
Que xa má pedira o Mota
Este ano non a leva
Vouna deixar na picota.**

**E non sabes pra quen?
Aínda que lle saiba a pouco
Téñolla ben gardadiña
Pra Isolina e pro Cachoupo.**

**Díxome a min o Sixto
Falar, falar ben se fala
Pro paseinas moi canutas
Custoume moito ligala.**

**Que é bonita ben se ve,
Que é graciosa no o nego,
Pro nunca vin unha mula
Tan mala de entrar no rego.**

**Andou rousa que rousa,
Pro non lle facía nin caso
Ela parecía un sarxento,
E el un soldado raso.**

**A súa primeira cita
Téñoa aquí redactada
Deica as miñas mans chegou
Xe veredes que monada.**

**A onde vas Isolina
Tan “juapa” y “enjalanada”?
A donde voy Cachouplto
A ti no te importa nada.**

**De tanto pensar en ti
Paso las noites en vilo.
Será que son la más cahonda
Que hai en todo el asilo.**

**Ese perfume que dejas
Cheira a flor en primavera.
Pos no será como el tuyo
Que fede a estercolera.**

**Te invito a venir de festa
A botar unos bailetos.
Yo no voy que ti no sabes
Y me pisas los juanetes.**

Tenjo algo que enseñarte
Si me concedes un rato,
Vamos tras de unos rascallos
Y te enseño el aparato.

Con una broca del trinta
Te haces un buraquito
Y enchufas allí el aparato
Mi querido Cachoupito.

No pienses mal Isolina
Que no soy tan vaca, no
Cuando digo el aparato
Quero dicir el reloj.

Pos explícate mejor,
No me andes con recolorio,
Tu nombre es Sixto Cachoupo
No eres don Juan Tenorio.

Si la madre superiora
No sacara la "escupeta"
Cando no nos vira nadie
Te tocaba en una teta.

Si te arrimas cara mi
Tu mira bien lo que fas,
Que te remango un hostiazo
Y te chimpo cara tras.

Pois entonces de lo otro
Xa no te pregunto nada,
No vaia a ser Isolina
Que me arranques la papada.

Si vés conmigo pra Laza
Te prometo fidelidad
Y la noites de xeadá
Darte brasa en cantidá.

Si saltas con esas mañas
Con lo que me gusta a min
Vamos "luejo" para Laza
Mi querido Cachoupin.

-----0-----

Doulle a albarda ó Caparrós
I é por razóns de salud
pra cando monte no porco
no se esfole no cu.

Na matanza do Sixtiño
Case se nos escalaza
Colleuno o porco no lombo
E paseouno por toda a praza.

A Mai chorando dicía
Ai Jasus, meu José María
Doutro lado berraba o Sixtiño
Ai recristo meu porquiño.

Si vedes a un home nun porco
Escapade todos, por díos
Non pensedes que é o Jhon Wayne
Quen cabalga é o Caparrós.

-----0-----

De darlle un cacho o Florencio
Pra que vamos a falar;
Leva un ano atrás dun coello
E nunca lle atina a dar.

Logo cóntanme as sobriñas,
A cousa manda narices,
Pra non fallar o disparo
Ten que atar as perdices.

Si se xunta co Fenosa
Vala par de "cañoneiros"
Pra acertarlle a un coelliño
Failles falta uns morteiros.

-----0-----

Xa me ten dito o alcalde
Que non faga moito o bobo
Pois calquera día destes
Non me deixa entrar no pobo.

Ganaron os socialistas
Como eso non é costume
Din que non lle gustou moito
E anda que vota lume.

**Deus nos valía, di o alcalde,
Non se viu no mundo enteiro
Un país como é o noso
Gobernado por un zapateiro.**

**Logo por ser zapateiro
Non ten dereito a ser listo?
Pois o Tino Barcelona
Case chegou a ministro.**

**Xa tiñan os do PP
A festa media montada,
Viñeron os de PSOE
E deixáronlía arruinada.**

**Si era pouco o estropicio
Pois entón pariu a abuela,
Ala van os socialistas
Buscar bombas a Rásela.**

**Entón propóñolle un trato,
Non é por tocarlle o nabo
Si non me larga do pobo
Eu en troques doulle o rabo.**

----0----

**Xa levou un cacho ó alcalde
Agora fáltame o clero
El lle vai logo unha orella
Pro cura Don Luís Romero.**

**Pra que escoite os pecadiños
Que lle contamos ó oído,
Tantos sacos lle levamos
Que o ha de ter jodido.**

**A min non me éstrana que ós curas
Lles de entón por o viño,
Pra esquecer tanta penuria
Teñen que untar o fociño.**

**Despois trábaselle a lingua
O dicir kirie eleison
E non dan un pe con bola
Por culpa do don Simón.**

**Agora que está de moda
O do control de alcoholemia
Os curas caen como moscas
Vai a ser unha epidemia.**

**Se lle poñen o globiño
En cada saída da misa
Os domingos a maña
Vai haber unha escachiza.**

**Menos mal que o noso non bebe
Non fai como o de Ferrol
Que sempre daba positivo
Cando lle facían o control.**

**Sete pobos sete misas
Teñen que estar preparados
En cada una un trancazo
Por forza acaban caldeados.**

**Pois tenche boa solución
Xa o di a tía Rosa
Ou deixan o don Simón
Ou o beben con gaseosa.**

**Así van coller moitos gases,
Como fagan desa guisa
Despois con tanto cheirume
A ver quen para na misa.**

----0----

**Díxome o Antonio cachucho
Vouche contar a "verda"
Dáme un anaco ben grande
Que se me casa o rapa.**

**Xa lle mandei o recado
De que un cacho lle darei
Que o leva es seguro
Pero cal aínda non sei.**

**Unha cousa me dixeron
O outro día no xestal,
Que marchara coa Claudina
Abortar a Portugal.**

**Agora anda o home dañado
Non descansa en todo o día
Pra encontrar o responsable
Do que fixo a fechoría.**

**O primeiro sospeitoso
Teno cerca i é caliente
Dixo o Zoilo. Eu non fun,
Antonio eu son inocente.**

**O segundo foi o Lauras
Que se mostrou moi tranquilo
Ipero como ía ser eu,
se xa case estou pro asilo!**

**O terceiro foi o rubes
Que o abarbou cavando as viñas
Ivai pro carallo Cachucho,
a min gústanme noviñas!**

**Entonces quen foi Claudina?
Foi un que ten moito pelo.
Dixo o cachucho, xa está
O José de Cerdedelo.**

**Ei che queda a perna Antonio
Que ten moito que comer
Ala cocíñar a Carme
Que deso entende a muller.**

-----0-----

**O Manolito Jarabasio
Está na mesma situación
Tamén se lle casa o fillo
E pediume unha ración.**

**En pedir non quedou corto
Pois quería o burro enteiro
Pra repartilo cos xenros
Co Xoaquín e o Ceboleiro.**

**Pouco a pouco Manoliño
Vai a modo pra pedir
Que si o queres levar todo
Non queda pra repartir.**

**Douche o unto e un segredo
Que me dixo o Miro a min,
Os chourizos sonche ricos
Pero o viño éche moi ruín.**

-----0-----

**As angarillas da albarda
Non sei a quen llas darei
Se non hai alguén que as queira
Son pro Pepiño do Rei.**

**Foi co taxi cara Trez
Por un viaxe con urxencia
Recoller a unha muller
E levala a residencia.**

**Alí estaba a mulleriña
Dereitiña como un pau
Agardaba a coitadiña
Cunha bolsa en cada mau.**

**Logo lle dixo a paisana
Pídlle un favor primeiro,
Unha bolsa e pro hospital
E a outra por vertedoiro.**

**Ai Pepiño vaia fallo
Mira que atinaches mal
Foi a roupa ó vertedoiro
E a basura pro hospital.**

-----0-----

**Este ano ó Pelachon
E ó Blanco de Matama
Tócanlle os ollos do burro
Que boa falta lle fará.**

**Díos lle conserve a vista
Por que un día tal que así
Foron pechar unha leira
Por culpa do jabalí.**

**Acabaron o traballo
Marcharon a cal mais contento
A leira estaba cerrada
Pro o jabalí quedou dentro.**

Vaia escachiza que fixo
Levou todo por diante
Dixo o Blanco, un jabali?
O que foi é un eiefante.

-----0-----

Pra que faga unha chamarra
Xa que lle gusta a costura
Este ano leva a pel
A Manola do Xegura.

Ala marchou a Verín
A comprar unha chaqueta
Proba aquí e proba ala
Lavou vinte pra caseta.

Chámalle burro o cabalo
Saíu como unha centella,
Veu cara á casa ca nova
E deixou alí a vella.

E logo que pasou Manola?
Que ía pasar, non foi nada..
É que eran moi parecidas,
Unha azul e a outra encarnada.

-----0-----

Anda prai un elemento
Que presume de veciño
Pro solo ó achegarse o Entroido
Ven arrimando o cucíño.

Logo por si fora pouco
Entra facendo barullo
Non fará falta dicir
Que vós falo do Jabullo.

Pedíume un ollo do burro
E voucho dar, mira tú,
Xa que os dous os teño dados
Levas o ollo do cu.

Como a ti e a túa muller
Vos gustan as miñas barbaridades
Marchai cos peidos do burro
A ver si así vos fartades.

-----0-----

Fai por aí catro meses
Chamoume o Juan Luís do cheto
Pedíume un cacho tamén
Pra preparalo no espeto.

Non penses en levar nada
De aquí pra Castro Caldelas
Se vir viñeches baleiro
Praa vas ir a dúas velas.

Carallo, estaría bonito
Xa lle dixen lqueche eiquil!
Agora que ten o fillo
Xogando no Real Madrid.

Parece que o estou vendo
O Juan Luis como é tan fino
Vai acabar sendo socio
Do presidente florentino.

No palco do Bernabeu
Xa veredes que quarteto
O Florentino, o Belloc
O Fernandez Tapias e o Cheto.

Como foi testamenteiro
E procésolle respecto
O corazón diste burro
Para ti Juan Luís do Cheto.

-----0-----

Outro que non se me escapa
Évos o meu tío Lolo
Doulle entón os cágallos
Pra que os ase nun tixolo.

Que na boda do Ramón
O vestirse pra ir á misa,
Por non atopar o calzón
Foi coas bragas da Marisa.

Pro despoixa no casorio
Metíasele na regañeta,
Parecía un formiguillo
Non paraba na banquetta.

-----0-----

**Tamén teño aquí un cachiño
Gardado pra Concha Cachela,
É mol rico e de bo xeito,
Ei che vai logo a entretela.**

**Por que me votou a cinsa
E non puiden fuxir dela,
Despois aínda por arriba
Fíxome o Pepe barrela.**

-----0-----

**Os mozos de Souteliño
Que por mor de vir rondar
Pasan a ponte coa chea
Sen medo de se afogar.**

**Pra facer un flotador
E non mollen o refaixo
Doulle as tripas ben inchadas
Por si can da ponte embaixo.**

-----0-----

**Pra Sótelo e Villameá
Pra Naveaus e Tamicelas
Tiña que darlle unha parte
Pois aí lle van as canelas.**

**Por as veces que eu andei
Rulando por esas canellas
Os trompazos que peguei
E as pozas que pisei nelas
Ala cando por as noites
Andaban os cas as cadelas.**

**Por que escoites estas cousas
Non te enfades Cristiniña
Que levábanme enganado
Logo a culpa non é miña.**

**Pra os de Toro e os de Castro
Que por rillar andan loucos
Voulle dar logo a soá
Ie chégalle! Que son poucos.**

**Os de Trez e os de Retorta
Que se leven como hermanos
E non vaían pelexar
Como os mouros e os cristianos.**

**Teñen os dous esa festa
Por o verán e ó calor,
Agora andan coa disputa
De cal delas é a mellor.**

**Como dicía o Sacholo
I Vaite moro que te mato,
“renejar” yo de mi díos,
no lo veras “mantecato”.**

**Xa me avisou ben a Sinda,
Mándame un cacho pras Elras,
Pois sube ti aquí arriba
E arrampla co que queiras.**

**Non me esquezo de Arcucelos
Cerdedelo e Matama,
O burro vai medio bimbado
Pro algún cacho quedará.**

**Seica piden as costelas
Ben volas quixera dar
Pero foron pra Carraxo
Entón logo a asubiar.**

**O Navallo e Correchouso
E Camba e Alberguería,
Que querían un anaco,
Eso eu xa o sabía.**

**Pois gardeille as ferraduras
Como hai neve ata no vrau
Non vaía ser que desvaren
E batan co cu no chau.**

-----0-----

**Pro futuro deste pobo,
Rapaces e rapaciñas,
Os osiños da soá
Ei vos van ás rapañiñas.**

**Coidade ben deste Entroido
Vos di o Testamenteiro,
Que non hai outro coma el
En todo este mundo enteiro.**

**Tratádeo con moito mimo
Que si deixades perdelo,
Eu aquí nunca mais volvo,
E marchó pra Cerdedelo.**

**O Entroido pros de Laza
É igual que un catecismo
Non puido ninguén con nos
Nin os tempos do franquismo.**

**Outros cólganse médallas
Pro non loitaron por el
Mentres que os nosos antergos
Batían co cu no cuartel.**

**E copian o Peliqueiro
Van dicindo que é o seu centro.
Pro o Peliqueiro no so é o traxe,
O Peliqueiro vai por dentro.**

**Porque nacín neste pobo
Porque el me viu medrar,
Por que é o único que teño
Xúrovos que vou a loitar.**

**Quen me toque ós peliqueiros
Ten a guerra servida
Pro eles vou pelexar
E se compre dou a vida.**

**Porque me gusta este pobo,
Os seus montes as súas leiras,
O bulleiro as corredoiras,
E o fumegar das lareiras.**

**O cantar do paxariño
Que se esconde no silveiro
A inocencia do meniño
Que xoga a ser Peliqueiro.**

**Cómo che quero meu pobo
Quero explicalo e non poido,
Como lle quero a esta xente
E como lle quero a este Entroido.**

**Cando estou lonxe de Laza
As campas chaman por min
E o vento tráeme un cheiriño
Igual cos pes do Delfín.**

**A noite fora de aquí,
A noite non ten estrelas,
A noite tráeme recordos
Dos contiños das abóelas.**

**E soñando por soñar,
Soñei cun pobo xunguido,
Onde todos eramos un,
Un pobo camiñando erguido.**

**E soñando por soñar
Soñei cun pobo de raza,
Soñeivos a todos berrando
¡VIVA O ENTROIDO DE LAZA!!**

**...Foi en Laza, na praza da Picota,
Un día 8 de Febreiro do ano 2005.
Nese frío e triste Martes de Entroido...
A noitiña onde acaba un soño i empeza
unha nova esperanza...**